

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO  
2016

# Proxecto Educativo de Centro (PEC)

## ÍNDICE

### 0. Introducción

- 0.1. Vigo
- 0.2. Cangas
- 0.3. Coia
- 0.4. Nigrán
- 0.5. Pontearreas
- 0.6. Redondela
- 0.7. Tui

### 1. Descrición da contorna social, cultural e económica

- 1.1. Vigo
- 1.2. Cangas
- 1.3. Coia
- 1.4. Nigrán
- 1.5. Pontearreas
- 1.6. Redondela
- 1.7. Tui

### 2. Obxectivos, medidas e recursos da escola para dar resposta ás necesidades da súa contorna, para promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a propia mellora da escola

- 2.1. Obxectivos do centro
- 2.2. Obxectivos de xestión
- 2.3. Obxectivos en recursos humanos e materiais
- 2.4. Obxectivos pedagóxicos
- 2.5. Obxectivos para a promoción da igualdade entre mulleres e homes
- 2.6. Obxectivos para a promoción do uso da lingua galega
- 2.7. Obxectivos e medidas para a atención á diversidade

### 3. Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos

### 4. Oferta formativa

- 4.1. Cursos ordinarios
  - 4.1.1. Certificacións oficiais
  - 4.1.2. Validez das certificacións das EOI
- 4.2. Cursos para colectivos profesionais e público en xeral
- 4.3. Cursos semipresenciais: That's English!
- 4.4. Oferta educativa na sede central
- 4.5. Oferta educativa nas seccións

- 
5. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico
    - 5.1. Principios metodolóxicos
    - 5.2. Criterios de selección de material didáctico
  6. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas
    - 6.1. Elaboración
    - 6.2. Seguimento
  7. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e promoción de idiomas
  8. Directrices xerais para o funcionamento adecuado das titorías
  9. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación
    - 9.1. Obxectivos xerais e medidas para a utilización das TIC
    - 9.2. Recursos materiais e humanos para a utilización das TIC
      - 9.2.1. Recursos humanos
      - 9.2.2. Recursos materiais
  10. Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e xestión da escola

## 0. Introducción

A Escola Oficial de Idiomas de Vigo é un centro docente público que imparte as ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas no artigo 59 da [Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(LOE\)](#).

A finalidade da Escola Oficial de Idiomas de Vigo é capacitar o noso alumnado, maioritariamente adulto, para o uso efectivo das linguas que impartimos e mais certificar a súa competencia nas mesmas, co obxectivo de fomentar o plurilingüismo entre a poboación, a aprendizaxe e formación permanentes e o respecto e recoñecemento da diversidade lingüística e cultural.

A súa organización e funcionamento ten como referencia a [Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(LOE\)](#), recóllense no Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia que establece o [Decreto 189/2010, do 11 de novembro](#), desenvolvido pola [Orde do 5 de agosto de 2011](#), e concrétanse nas Normas de organización e funcionamento do centro (NOF).

A EOI de Vigo, xunto coas demais escolas oficiais de idiomas galegas, pertence á [Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia](#) e fai parte da rede de [EOI de todo o Estado](#).

Este proxecto educativo é unha proposta global e colectiva de actuación a medio prazo que ten en conta as características da contorna social, cultural e económica en que está situada a EOI de Vigo, incluídas as súas seccións.

O obxectivo deste documento é amosar as características singulares do centro, contextualizar as súas actuacións e establecer mecanismos de coordinación e actuación pedagóxica para asegurar que se satisfagan as necesidades de aprendizaxe de idiomas das/os súas/seus usuarias/os. Asemade, define os obxectivos particulares que a EOI se propón acadar.

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) da EOI de Vigo baséase nos principios de non-discriminación e multiculturalidade como valores fundamentais das escolas oficiais de idiomas, expón os sinais de identidade da escola e os seus obxectivos e prioridades de actuación, moi especialmente aqueles que fan do centro e das súas seccións elementos dinamizadores das zonas onde están situadas.

### 0.1. A Escola Oficial de Idiomas de Vigo

O noso centro foi creado ao abeiro do [Decreto 126/1988, do 5 de maio \(DOG do 27\)](#) e comezou a súa andaina no curso académico 1988/1989, atendendo á demanda que existía na sociedade viguesa. O primeiro claustro da EOI de Vigo celebrouse o día 10 de outubro de 1988 na Casa da Cultura do Concello de Vigo, lugar elixido como sede temporal da administración, xa que a EOI de Vigo carecía de edificio propio. As aulas impartíanse na

Casa da Cultura e no colexio público do Chouzo. Nese ano había 1.886 alumnos/as oficiais e 575 libres, 16 profesores/as impartían clases de alemán, francés, galego e inglés.

Actualmente, a sede central da EOI de Vigo atópase no barrio do Calvario, na rúa Martínez Garrido 17, nun edificio inaugurado oficialmente no mes de xullo de 1991. A escola inaugurouse con 4 departamentos (alemán, galego, francés e inglés) e 36 profesoras e profesores.

Hoxe a escola conta con 9 departamentos (chinés, alemán, español para estranxeiros/as, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés), arredor de 8500 alumnas/os oficiais, dos que 7200 están en grupos ordinarios, 330 en grupos non ordinarios, 320 na ensinanza semipresencial do programa That's English! e 640 na modalidade libre.

Actualmente imparten docencia 101 profesores/as, repartidos/as entre a sede central (66) e as seccións (35): Cangas, Coia, Nigrán, Pontearreas, Redondela e Tui. Na secretaría traballan 4 administrativas, habendo tamén para o programa de ensinanza semipresencial That's English! unha administrativa propia. Ademais, completan o cadro de persoal do centro 5 subalternos/as e 3,5 traballadoras de limpeza. As seccións non contan con persoal administrativo propio polo que toda a xestión se realiza na sede central.

#### Evolución da matrícula de grupos ordinarios na Escola Oficial de Idiomas de Vigo

		ANO													
		1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
IDIOMA	ALEMÁN	170	312	299	416	370	371	382	370	370	470	507	509	516	513
	CHINÉS	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	ESPAÑOL	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	FRANCÉS	396	729	664	697	700	697	749	730	758	919	830	889	822	815
	GALEGO	173	344	281	362	411	386	368	374	417	395	367	329	277	275
	INGLÉS	1722	3071	2565	2628	2286	2052	2035	2140	2430	2526	2357	2377	2246	2304
	ITALIANO	0	0	0	108	101	150	162	191	238	290	299	308	293	330
	PORTUGUÉS	0	0	0	0	0	0	0	80	174	184	261	311	311	320
	XAPONÉS	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	<b>TOTAL</b>	<b>2461</b>	<b>4456</b>	<b>3809</b>	<b>4211</b>	<b>3868</b>	<b>3656</b>	<b>3696</b>	<b>3885</b>	<b>4387</b>	<b>4784</b>	<b>4621</b>	<b>4723</b>	<b>4465</b>	<b>4557</b>
		ANO													
		2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
IDIOMA	ALEMÁN	493	431	458	417	364	396	359	369	426	523	636	645	540	477
	CHINÉS	0	0	0	0	0	85	145	140	155	177	176	168	147	129
	ESPAÑOL	26	51	72	128	154	143	168	189	201	190	149	104	105	111
	FRANCÉS	789	751	759	748	756	945	936	989	993	1055	1027	1123	998	863
	GALEGO	283	211	190	186	166	316	352	485	476	422	327	468	477	426
	INGLÉS	2205	2313	2222	2332	2404	3214	3689	4483	5138	5521	5631	5898	5608	5110
	ITALIANO	302	293	296	304	277	348	328	342	384	403	408	378	359	345
	PORTUGUÉS	288	279	281	246	191	193	173	212	224	256	290	296	257	271
	XAPONÉS	0	0	0	0	0	83	100	143	181	207	215	232	204	259
	<b>TOTAL</b>	<b>4386</b>	<b>4329</b>	<b>4278</b>	<b>4361</b>	<b>4312</b>	<b>5723</b>	<b>6250</b>	<b>7352</b>	<b>8178</b>	<b>8754</b>	<b>8859</b>	<b>9312</b>	<b>8695</b>	<b>7991</b>

## 01.1. Perfil do alumnado

### ESTADÍSTICA DE SEXOS POR NIVEL NA ENSINANZA OFICIAL PRESENCIAL

NIVEL	HOMES		MULLERES		TOTAL
	NÚMERO	PORCENTAXE	NÚMERO	PORCENTAXE	
BÁSICO	1.076	35%	1.980	65%	3.056
INTERMEDIO	776	31%	1.744	69%	2.520
AVANZADO	429	30%	988	70%	1.417
C1	46	26%	132	74%	178
<b>TOTAL</b>	<b>2.327</b>	<b>32%</b>	<b>4.844</b>	<b>68%</b>	<b>7.171</b>

### ESTADÍSTICA DE ALUMNADO POR IDADES E SEXO

FRANXA IDADE	TOTAL ALUMNADO		HOMES		MULLERES	
	NÚMERO	PORCENTAXE	NÚMERO	PORCENTAXE	NÚMERO	PORCENTAXE
De 14 a 19 anos	741	10,33%	255	3,56%	486	6,78%
De 20 a 29 anos	2.042	28,48%	675	9,41%	1.367	19,06%
De 30 a 39 anos	1.956	27,28%	639	8,91%	1.317	18,37%
De 40 a 49 anos	1.423	19,84%	425	5,93%	998	13,92%
De 50 a 59 anos	729	10,17%	210	2,93%	519	7,24%
De 60 a 69 anos	241	3,36%	105	1,46%	136	1,90%
De 70 a 79 anos	38	0,53%	19	0,26%	19	0,26%
De 80 a 89 anos	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%
De 90 a 99 anos	1	0,01%	1	0,01%	-	0,00%
<b>TOTAL</b>	<b>7.171</b>	<b>100,00%</b>	<b>2.329</b>	<b>32,48%</b>	<b>4.842</b>	<b>67,52%</b>

### ALUMNADO ESTRANXEIRO SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO

CONTINENTE	NÚMERO DE PAÍSES	NÚMERO DE ALUMNADO ESTRANXEIRO
África	9	30
América	19	514
Asia	8	22
Europa	29	260
Oceanía	1	1
<b>Total</b>	<b>66</b>	<b>827</b>

## Estatística de matrícula segundo o tipo de taxa

Tipo de taxa	Número de matrículas	Porcentaxe
Bolseiro	167	2,33%
Minusvalía	351	4,89%
Familia Numerosa Xeral	333	4,64%
Familia Numerosa Especial	70	0,98%
Funcionario docente	219	3,05%
Ordinaria	5.968	83,22%
Vítima de actos terroristas	2	0,03%
Vítima de violencia de xénero	27	0,38%
Traslado	34	0,47%
Total	7.171	100,00%

### 0.2. A sede de Cangas

A sección de Cangas da **Escola Oficial de Idiomas de Vigo**, inaugurada no curso académico 2007-2008, atópase no edificio do IES de Rodeira (Avenida de Ourense, s/n). A súa oferta educativa inclúe a ensinanza do idioma inglés (ciclos básico, intermedio e avanzado) e francés (ciclos básico e intermedio).

No presente curso académico, 2015-2016, a sección conta con 6 docentes, 5 de inglés e un de francés. Neste curso, a sección oferta 23 grupos (19 de inglés e 4 de francés) ós 431 alumnos oficiais matriculados nela.

### 0.3. A sede de Coia

Inaugurada en 2007, a sede de Coia atópase no barrio de Coia e fai uso das instalacións do Instituto de Educación Secundaria Alexandre Bóveda, situado na Rúa Cuntis s/n, fronte á igrexa do Cristo da Vitoria. Os 11 profesores desta sección imparten clases de inglés (9), francés (1) e italiano (1) a 1012 alumnos oficiais: 867 de inglés, 98 de francés e 47 de italiano.

### 0.4. A sede de Nigrán

A sección da Escola de Idiomas en Nigrán abriuse no ano 2010 co obxectivo de impartir un idioma (inglés) dende o nivel básico. Así pois, a sección comeza con tres profesores que imparten tres niveis: Básico 1, Básico 2 e Intermedio 1. Ano tras ano a sección foi sumando un nivel ata chegar á Avanzado 2. Ao mesmo tempo o cadro de persoal foi aumentando o seu horario para dar resposta á demanda de cursos, cun posto a media xornada e máis tarde unha praza a horario completo.

Hai que facer notar o aumento progresivo do número de matrícula ata o ano 2014, no que flutúa á baixa. Para unha sección pequena é importante tratar de centrar o tipo de oferta e de nivel que mellor se axuste ao perfil do alumnado.

2010-11	2011-12	2012-13	1013-14	2014-15	2015-16
283	316	378	415	363	321

A sección ten a súa sede nun dos edificios do IES Escolas Pro Val, no Val Miñor, e recibe

alumnado de Baiona, Gondomar e Nigrán. O noso horario de clase é sempre de tarde-noite, e abarca distintos fragmentos e franxas dende as 16:45 ata as 21:30. Todos os trámites administrativos téñense que facer na sede central da escola co persoal da mesma, incluída a matrícula. Dado que os nosos horarios son tan axustados e que é imposíbel atopar un espazo a tal fin, o préstamo dos libros que temos faise na propia aula de cada profesor ao principio ou final da clase, ou nas horas de titoría.

### 0.5. A sede de Ponteareas

A sede de Ponteareas abriu as súas portas no curso 2008-2009, na rúa Feliciano Barrera, compartindo centro co IES Val do Tea.

Na actualidade esta extensión conta con 4 profesores, que imparten un único idioma, inglés, no que están matriculados 281 alumnos.

### 0.6. A sede de Redondela

Atópase na Rúa Pedro Floriani 2, no edificio que alberga o Instituto de Educación Secundaria do mesmo nome. A sección ten a súa disposición catro aulas equipadas con ordenador portátil, canón e dende comezo do presente ano taboleiro dixital. Tamén temos á nosa disposición as aulas TIC do centro. No presente curso están matriculados 199 alumnos na modalidade oficial. Trátase da sección de máis recente creación das que pertencen á Escola Oficial de Idiomas de Vigo. Na actualidade esta sección da escola conta con 3,5 profesores do departamento de inglés, única lingua que se imparte na sede. Dende a creación da sección no curso 2012-13 fóronse implantando os diversos cursos dos niveis básico e intermedio. Actualmente o alumnado pode cursar os dous cursos do nivel básico, os dous cursos do nivel intermedio e os dous cursos do nivel avanzado.

### 0.7. A sede de Tui

A sección de Tui foi creada no curso académico 2007-2008 e nela impártense tres linguas: francés, inglés e portugués. Conta actualmente con 7 profesores (1 de francés, 5 de inglés e 1 de portugués) e ofrece todos os niveis de inglés e portugués e os niveis básico e intermedio de francés. Ao longo dos seus case nove anos de existencia ten mantido unha matrícula sempre por riba dos 400 alumnos en total, e por riba dos 500 alumnos a partir do segundo ano de existencia, como se pode comprobar no seguinte cadro:

	Matrícula 2007/2008	Matrícula 2008/2009	Matrícula 2009/2010	Matrícula 2010/2011	Matrícula 2011/12	Matrícula 2012/13	Matrícula 2013/14	Matrícula 2014/15	Matrícula 2015/16
FR	73	82	86	61	63	61	65	68	64
EN	338	388	445	463	443	475	472	398	407
PT	32	33	32	47	58	37	42	41	54
<b>Total Ext. Tui</b>	443	503	563	571	564	573	579	507	525

Debe terse en conta que no ano lectivo 2007-2008 soamente se impartían os niveis Básico 1, Básico 2 e Intermedio 1 das tres linguas. No curso 2008-2009 engadiuse o nivel Intermedio 2 en todas elas. A partir do ano 2009-2010 ofrécese Básico Integrado e



---

Intermedio Integrado de portugués (con soamente dous grupos de portugués na sección) e Avanzado 1 de inglés, e a oferta estabilízase no ano 2010-2011 en inglés (todos os niveis) e francés (soamente ata Intermedio 2). No ano 2010-2011 engadiuse o nivel Avanzado 1 de portugués, e o nivel Avanzado 2 no ano seguinte. A partir do curso 2014-2015 soamente se imparten tres grupos de portugués, e alternanse Avanzado 1 e Avanzado 2 en cada ano lectivo.

A sección ten a sede no edificio do IES S. Paio, en Tui, e conta cunha biblioteca. O horario de clases é sempre polas tardes, entre as 17.00 e as 21.30 horas, de luns a venres. É a única sección da EOI de Vigo que, aínda que non conte con persoal administrativo propio, recolle a matrícula do seu alumnado para trasladala á secretaría da sede central.

## 1. Descrición da contorna social, cultural e económica

### 1.1. Vigo

Situada na ría do seu nome, Vigo é a primeira cidade de Galicia, distribuída en 18 parroquias que conforman a superficie de todo o municipio, cunha poboación duns 300.000 habitantes, unha das maiores das que integran o chamado Eixo Atlántico, organismo que agrupa as 18 cidades máis importantes de Galicia e do Norte de Portugal.

A comarca de Vigo caracterízase por unha economía diversificada vinculada ao sector pesqueiro, á industria, ao comercio, ao turismo e aos servizos. Historicamente é o motor económico e industrial de Galicia. Destacan:

A **Zona Franca**, é unha institución imprescindible para o desenvolvemento industrial de Vigo e a súa comarca. Funciona como Axencia de Desenvolvemento Local promovendo solo e infraestruturas de carácter industrial e comercial en Vigo e na súa comarca.

A **industria automobilística** é unha das actividades máis importantes da economía de Vigo e de Galicia en xeral. Aproximadamente o 88% da súa produción está destinada á exportación. PSA dá traballo a 6.500 persoas e as súas exportacións representan o 30% das exportacións totais de Galicia.

Na cidade e na súa comarca existe tamén unha importante industria auxiliar composta por máis de 90 compañías. As compañías da industria automobilística están agrupadas na Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA)

O **Porto de Vigo** xera un grande volume de tráfico de mercancías, destacando o movemento de contedores, o tráfico rodado de vehículos, a pedra natural e granito, a madeira ou as conservas. O porto e os seus peiraos transatlánticos son tamén punto de escala para grandes cruceiros. É o líder do tráfico de cruceiros dos portos da fachada atlántica española e portuguesa. É tamén base de moitas empresas navieiras.

A **Autoestrada do mar** conecta directamente os portos de Vigo cos portos de Nantes e Saint Nazaire.

A **industria pesqueira** fai de Vigo o primeiro porto comercializador de peixe para consumo humano de España e do mundo. É unha industria chave na economía viguesa, dende a industria extractiva ata a comercial, coas súas lonxas de altura e de baixura, así como a industria conserveira, conxeladora e transformadora. Vigo e o seu Porto son base de compañías pesqueiras con gran presenza en países como Arxentina, Australia, Chile, Illas Maldivas, Mozambique, Namibia ou Perú. Ademais das industrias pesqueiras, existen tamén importantes empresas **conserveiras**. A industria pesqueira xera arredor de 32.679 postos de traballo directos e indirectos. Outro referente importante do sector pesqueiro é a cría de bivalvos (mexillóns e ostras) en bateas que se encontran distribuídas por toda a ría. En Vigo teñen lugar importantes feiras mercantís relacionadas co sector pesqueiro como Conxemar ou a World Fishing Exhibition.

A **construción naval** está representada por importantes estaleiros e empresas en Vigo e na súa ría.

**Outras industrias importantes** son a extracción e comercialización de granito, a industria aeronáutica, a industria química e farmacéutica, a industria téxtil, a industria editorial, a industria alimentaria e empresas de construción e de fabricación de maquinaria industrial.

Vigo é ademais sede de **diversas administracións**, institucións e organismos como a Axencia Europea de Pesca, o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, e de numerosas entidades bancarias.

A **oferta cultural de Vigo**, tanto de iniciativa pública como privada, é ampla. Existen grandes espazos culturais como o Auditorio Mar de Vigo, o Auditorio do Concello de Vigo, o Auditorio Martín Códax ou a Sede Afundación. Hai numerosos museos, salas de exposicións, teatro e conferencias, galerías de arte e salas de concertos: A Casa das Artes, a Fundación Pedro Barrié de la Maza, o MARCO, a Fundación Laxeiro, o Museo Verbum, o Museo do Mar de Galicia, o Museo Liste-Etnográfico, a Fundación Penzol, a Casa Galega da Cultura, o teatro Ensalle, o Teatro Arte Livre, entre outros. Hai centros de educación ambiental como o Centro de Educación Ambiental Naturnova ou o Centro de Interpretación do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Existe unha rede de **centros socioculturais** de barrios, creada para a deslocalización dos eventos e para contribuír a garantir a posibilidade de acceso da cultura de toda a cidadanía. Vigo dispón dunha ampla rede de bibliotecas: [Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios](#), [Biblioteca Braille da Once](#), [Biblioteca-Centro de Documentación MARCO](#), [Biblioteca Afundación Calvario](#), [Biblioteca Afundación Travesas](#), [Biblioteca Afundación Centro Cultural](#), [Biblioteca Pública Juan Compañel](#), [Biblioteca Central da Universidade de Vigo](#), [Biblioteca da Cámara de Comercio de Vigo](#), [Biblioteca da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicacións](#), [Biblioteca Universitaria de Torrecedeira](#), [Biblioteca da Facultade de Ciencias](#), [Biblioteca da Facultade de Ciencias do Mar e Bioloxía](#), [Biblioteca da Fundación Penzol](#), [Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas](#), [Biblioteca do Centro Oceanográfico de Vigo](#), [Centro de documentación e recursos feministas de Vigo](#), [Biblioteca do Instituto de Investigacións Mariñas](#), [Biblioteca do Museo Etnográfico](#), [Fundación Liste](#), e [Biblioteca de Torrecedeira](#). Cómpre destacar o labor da Universidade de Vigo e das entidades financeiras que axudan a incrementar a actividade cultural da cidade.

A Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ademais da oferta de estudos de linguas para os seus alumnos, ten vocación de se converter en referente de actividade cultural para toda a cidadanía da Mancomunidade, organismo supramunicipal formado polos concellos da contorna e da Área metropolitana de Vigo, que contan cunha poboación de máis de 500.000 habitantes, programando actividades en lingua galega e linguas estranxeiras abertas ao público e colaborando coas distintas entidades culturais da cidade.

## 1.2. Cangas

Cangas, municipio da provincia de Pontevedra, pertence á comarca do Morrazo e localízase no extremo suroccidental da península co mesmo nome. O municipio consta de cinco parroquias: Aldán, Cangas, Coiro, Darbo e Hío. Situado a cabalo entre a ría de Vigo, a de Aldán e o Atlántico, limita co mar polo sur e oeste, co municipio de Moaña polo leste e con Bueu polo norte. A poboación destes dous municipios acode a Cangas atraída pola

oferta cultural e educativa, sendo un exemplo significativo a sección da EOI de Vigo.

Segundo o Instituto Galego de Estatística, Cangas conta cunha poboación de 26.520 habitantes (dato recollido a 1 de xaneiro de 2015) e unha extensión territorial de 38,1 km<sup>2</sup>, cunha densidade de poboación de 686,95 hab./km<sup>2</sup>, que o converte nun dos 10 concellos galegos con máis densidade de poboación. O incremento da poboación está a ser constante dende que existen rexistros estatísticos. Segundo datos do INE, 624 persoas residentes en Cangas son de nacionalidade estranxeira. A idade media da poboación sitúase nos 42 anos.

Na actualidade as comunicacións por estrada están baseadas no Corredor de Alta Capacidade do Morrazo, que comunica Cangas coa Autoestrada do Atlántico. A través da Ponte de Rande, a AP9 comunica O Morrazo con Vigo, todo o sur de Galicia, a meseta e Portugal. Outra vía fundamental de comunicación é a liña marítima Cangas-Vigo, empregada a diario por gran parte da poboación traballadora e cunha tradición ininterrompida, documentada dende hai 200 anos.

A economía de Cangas baseouse historicamente na pesca e na súa manufactura. Cómpre sinalar que en Cangas estivo asentada Hermanos Massó, S.A., unha das factorías pioneiras no campo da pesca e industria conserveira. Hoxe en día, no sector primario a pesca e a cría do mexillón son as actividades principais. A agricultura e gandería que se desenvolven na zona están destinadas principalmente ao autoconsumo e eríxense como complemento á economía familiar.

No sector secundario, a industria conserveira e de manipulado da pesca é a base principal da economía municipal, impulsada por empresas como Conservas e Frigoríficos do Morrazo, Conservas e Conxelados Iglesiasmar e Conservas Lago Paganini.

No sector servizos, cómpre destacar a importancia do turismo, impulsado grazas á riqueza paisaxística do municipio. Á pesar da proximidade a Vigo, Cangas mantén un sector de comercio e servizos importante que abastece á maior parte do Morrazo.

Cómpre sinalar tamén que unha boa parte da poboación desenvolve a súa actividade laboral nas veciñas cidades de Vigo e Pontevedra.

O Instituto Galego de Estatística recolle os seguintes datos no tocante á actividade laboral de cangas (actualizados con data de decembro de 2015):

Por sectores de actividade	Total	Homes	Mulleres
Agricultura	207	185	21
Industria	288	163	125
Construción	224	194	30
Servizos	1.742	563	1.179
Sen emprego anterior	190	46	144

Paro rexistrado	Total	Homes	Mulleres
Total	2.650	1.151	1.499
menores de 25 anos	107	61	46
outras idades	2.543	1.090	1.453

En canto ó contexto cultural, o municipio de Cangas presenta unha progresiva dinamización mediante iniciativas impulsadas por centros educativos e socioculturais como o Conservatorio Profesional de Música do Morrazo, A Casa da Cultura, A Biblioteca Municipal, o Auditorio Municipal, a Casa da Bola e a Casa da Xuventude. A través deles promóciónanse iniciativas como “Arte no Morrazo”, “Feira do Libro”, “Salón da Banda Deseñada”, “Festival Folclórico Internacional do Hío”, “Argálica Mostra de Artesanía”, “Festival Folk de Vilariño”, “Mostra internacional de Teatro Cómico e Festivo” e o “Festival Internacional de Jazz de Cangas, Canjazz”.

Ademais, salas como Sala Son, no contexto musical, e o club de remo Vila de Cangas, no deportivo, desenvolven un papel fundamental na dinamización social e cultural do municipio.

### 1.3. Coia

Coia-As Travesas é unha antiga parroquia do municipio galego de Vigo integrada actualmente no núcleo urbano da cidade. Coia é un dos barrios máis poboados e representativos de Vigo, con máis de 30.000 habitantes. Trátase dun núcleo eminentemente urbano, próximo ao centro de Vigo e que creceu a partir da creación dun polígono de vivendas nun dos antigos barrios de Bouzas nos anos 60, co cal se buscou paliar o grave déficit de vivendas que había na cidade. Os primeiros edificios foron construídos pola Promotora Benéfico Popular da daquela Caixa de Aforros Municipal de Vigo (hoxe integrada en Abanca). As seguintes urbanizacións tamén foron creadas por cooperativas de vivenda promovidas por empresas como, por exemplo, Citroën e Estaleiros Vulcano. Gran parte do barrio foi urbanizado como Vivenda de Protección Oficial.

Na actualidade, partida pola larga e arborada Avenida de Castelao, Coia é un tranquilo barrio residencial con numerosas zonas verdes e con personalidade propia, que limita con As Travesas e a monumental escultura Porta do Atlántico. Os límites do barrio están marcados polas rúas Coruña, Praza de América, Avenida de Castrelos, Avenida do Alcalde Portanet, Avenida Citroen, Circunvalación da VG-20 en Navia, e as rúas Tomás Paredes e Tomas Alonso en Bouzas.

No barrio hai varios colectivos cidadáns: as asociacións de veciños "Camiño Vello" (organizadora da famosa Marcha Ciclista de Coia) e "Cristo da Vitoria" (organizadora do Medio-Maratón de Coia), o comité de solidariedade Óscar Romero, a Asociación Xuvenil Luar, o Club Vigo Voleibol (con sede no Pavillón de Coia) e o C.D. Coia. En Samil atópase a Casa das Palabras ou Museo Verbum.

Adxacentes ao barrio de Coia atópanse algúns dos grandes barrios de Vigo, como son Navia, Bouzas e Castrelos. Navia, tras a creación na última década dunha nova zona residencial, converteuse nunha pequena cidade en si, con todo tipo de servizos. Neste

barrio viven ao redor de 6.000 persoas, sobre todo familias xoves con nenos, que están desenvolvendo unha comunidade moi activa. Bouzas, tamén coñecida como a vila mariñeira, é a esencia do Vigo mariñeiro. Destaca o seu comercio tradicional, o seu bulicioso mercado de abastos e un mercado semanal que se instala na Alameda todos os domingos pola mañá. Conta cun fermoso paseo marítimo de case 3 km. Castrelos alberga o maior parque urbano de Vigo. Ademais do pracer de pasear ou practicar deporte polas sendas xunto ao río Lagares, o parque alberga o Pazo - Museo Quiñones de León e o auditorio ao aire libre de Castrelos, un dos escenarios máis impresionantes de España.

#### 1.4. Nigrán

As escolas Pro Val, nas que se atopa a sección, sitúanse xusto no medio xeográfico dos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar. O tipo de poboación que habita na zona determina o tipo de alumnado que recibimos nas clases. En concreto, a maior parte da xente adícase ao medio rural, ao sector do turismo e hostalaría e á industria, especialmente na zona de Vincios. Toda a zona recibe moita xente no verán, algunha dela do estranxeiro, razón pola que o uso do inglés é cada vez máis necesario na comarca. Hai unha porcentaxe de xente que non atopa traballo dende hai tempo ou ben que ten contratos breves, temporais e precarios. A sección de Nigrán recibe estes catro sectores de poboación e trata de dar unha resposta axeitada aos catro.

A partir de aquí, o perfil do alumnado que recibimos nas clases axústase a un nivel de educación medio-baixo, segundo o seguinte: O seu nivel de capacitación laboral xeral é non especializado, aínda que no caso do turismo si o sexa, xunto coa rama da hostalaría en tendas, cafés e outros locais ou servizos de venda ao público. Hai tamén unha porcentaxe significativa de alumnado xubilado ou moi próximo á idade da xubilación. En concreto, o tipo de alumnos que recibimos por nivel é o seguinte:

Básico: xubilados e xuventude en paro.

Intermedio: estudantes

Avanzado: profesionais no seu sector laboral e estudantes.

#### 1.5. Pontearreas

Situado na comarca do Condado, ao sur de Pontevedra, o concello de Pontearreas conta na actualidade cunha poboación de 23.200 habitantes e unha superficie de 125 km<sup>2</sup>, repartidos en 24 parroquias.

Esta vila, que a principios do século XX veu minguado o seu número de habitantes debido á emigración, foi tamén nos últimos anos testemuña dun importante desenrolo e dun incremento de poboación. Tal crecemento está marcado principalmente pola súa proximidade a Vigo e ás boas conexión existentes pola A-52, o que converte a Pontearreas nun claro exemplo de cidade dormitorio.

Esta situación estratéxica explica tamén que parte da economía de Pontearreas atópase ligada á actividade económica de Vigo (Área Metropolitana) e do país veciño, Portugal, especialmente no sector industrial e de comercio.



A maiores da actividade económica ligada ás zonas limítrofes, Ponteareas tamén conta cunha intensa actividade agrícola e turística.

A actividade agrícola da zona do Tea materialízase principalmente na produción enolóxica, fonte activa de ingresos en toda a comarca do Condado. O éxito dos caldos desta zona está avalado por diferentes distintivos de calidade, entre os que caben destacar o de Mellor Viño Branco de Galicia (2013) e o Acio de Ouro D.O. Rías Baixas (2013).

Na actualidade, o turismo no concello do Tea xoga un papel moi importante debido á promoción exterior dos seus bens arquitectónicos e culturais e, principalmente, debido á festividade do Corpus Christi, emblemática celebración na que as rúas do centro da vila se cobren de alfombras florais para celebrar tal día. Esta tradición, que se remonta ao 1857, obtivo a categoría de Festa de Interese Turístico Nacional en 1980 e a de Festa de Interese Turístico Internacional en 2009.

Tales distintivos turístico, xunto coa oferta termal do veciño concello de Mondariz, explican, en gran medida, o notábel incremento de establecementos hoteleiros rurais e de restauración que a vila de Ponteareas tivo nos últimos anos.

A oferta socio-cultural de Ponteareas inclúe –grosso modo- á música, o deporte (ciclismo) e unha ampla variedade de centros de ocio repartidos por todo o concello.

A música ten un papel importante nesta vila onde naceu o compositor Reveriano Soutullo, quen dá nome ao Conservatorio Profesional de Música da vila e ao Auditorio Municipal. A ampla cultura musical de Ponteareas inclúe tamén diversas bandas de música e bandas corais cunha dilatada traxectoria a nivel nacional.

No eido deportivo, Ponteareas foi o berce de ciclistas de prestixio nacional como Álvaro Pino ou Delio Rodríguez. Na actualidade o concello conta cun club federado de ciclistas que, a nivel afeccionado ou profesional, teñen acadado importantes éxitos a nivel nacional e internacional.

Paralelo á música e ó deporte, Ponteareas ofrece tamén ós seus habitantes unha ampla rede de asociacións culturais e centros sociais, que promoven especialmente á vida lúdica e a actividade veciñal na vila.

## **1.6. Redondela**

Situada na Vila de Redondela, a Sección da Escola Oficial de Idiomas comparte as dependencias co Instituto de Ensino Secundario Pedro Floriani. A capital do Concello limita ao norte co concello de Soutomaior, ao leste con Pazos de Borbén, ao sur cos municipios de Mos e Vigo, e ao oeste coa ría de Vigo, que conforma na súa parte máis interior a Enseada de San Simón. Neste contorno desembocan os dous ríos que atravesan o municipio: o Alvedosa e o Maceiras. A sección atópase radicada na Enseada de San Simón.

Redondela é un concello esencialmente costeiro cuns 15 km de litoral. O terreo en todo o termo municipal é accidentado cun sistema montañoso que se desenvolve parello á costa

con elevacións que non superan os 450 m.

O concello de Redondela está composto por 13 parroquias: Cabeiro, Chapela, Cedeira, Cesantes, Cabeiro, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde, Trasmañó, Ventosela, Vilar de Infesta e O Viso. Todas estas parroquias son de tipo rural, coa excepción de capital do concello e de Chapela, esta última cun marcado carácter industrial.

### **Poboación**

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, o censo de Redondela no ano 2015 era de 29697 habitantes, sendo así o cuarto concello da provincia en termos de poboación.

### **Economía**

A estrutura económica do concello distribúese do seguinte xeito:

**Sector primario:** En Redondela o 8,8% de poboación pertence ao sector primario.

A actividade máis relevante neste sector céntrase no mar. A pesca ten un peso relativo maior que a agricultura dentro do sector primario. O seu porto é un dos dez primeiros dentro da clasificación galega, cunha frota esencialmente de baixura, caracterizada pola captura de peixe de baixa cotización; tamén é moi relevante o marisqueo de moluscos bivalvos. O choco é o símbolo mariño xenuíno de Redondela (e da súa gastronomía).

Tras a pesca, a actividade de maior relevancia é a agraria. O clima benigno das rías baixas favorece as colleitas temperás dos produtos da horta e os viños. A meirande parte dos cultivos está orientada ao consumo doméstico. Compre destacar as plantacións de kiwi, xa que o concello de Redondela foi un dos primeiros en introducir a especie na comunidade.

**Sector secundario:** Abrangue a un 47,1% da poboación. A principal actividade industrial no concello é a téxtil, seguida moi de cerca polas industrias do metal e alimentarias. A maioría das empresas son sociedades limitadas e case o 90% son pequenas empresas que contan con menos de 9 empregados.

Cabe destacar, dentro da industria alimentaria a presenza no concello de Redondela da empresa Pescanova. Con sede na parroquia de Chapela esta é unha das maiores empresas pesqueiras a nivel mundial, con presenza nos cinco continentes e en máis de 20 países. Dende a súa creación Pescanova desenvolveu tecnoloxías avanzadas centradas na manufactura de peixe mediante o uso de grandes barcos que procesan e ultraconxelan as capturas a bordo do propio buque.

O resto da poboación inclúese no sector terciario dedicada na súa maioría ao pequeno comercio.

Cabe salientar a presenza neste concello da sede do vicedecano da prensa nacional e un dos xornais con máis tirada de Galicia, o **Faro de Vigo**. A tradición xornalística da rexión remóntase ao ano 1883.



## Oferta cultural

No centro de Redondela están localizados os principais equipamentos do concello. A Casa da Cultura dispón de aulas de informática, fotografía, así como dunha sala de exposicións

Cómpre destacar a presenza do Conservatorio de Música así como a de varias Escolas Municipais que ofertan numerosos cursos de teatro, música e pintura a cargo de técnicos e animadores culturais. Ademais Redondela conta cun Auditorio xestionado polo Concello onde se realizan diferentes actividades culturais.

A Biblioteca Pública Municipal situada no Edificio Multiusos da Xunqueira, xusto á beira do Concello é un dos focos principais da actividade cultural de Redondela. Nela, a poboación redondelá pode dispoñer dunha grande variedade de volumes entre os que se poden atopar publicación en diversas linguas. Feito este moi interesante para o alumnado da sección da Escola Oficial de Idiomas.

Nas distintas parroquias existen locais veciñais onde se desenvolven diversas actividades culturais, en Reboreda, Vilar de Infesta, Negros e Cedeira tamén hai Casas da Cultura. En Cesantes localízase un Centro Cultural privado.

### 1.7. Tui

O concello de Tui tiña, segundo o INE, 17.230 habitantes en 2011. É unha localidade de tamaño medio que se sitúa no centro da comarca do Baixo Miño, e é ao mesmo tempo encrucillada de comunicacións entre as localidades circundantes e a autoestrada que a une a Portugal, por un lado, e a Vigo e o resto das grandes cidades da Galiza, polo outro lado.

Dende 2012 constitúe unha Eurocidade xuntamente coa veciña localidade portuguesa de Valença do Minho, coa que mantén estreitos lazos de cooperación. Conta con iniciativas culturais de fama internacional, especialmente o festival internacional de documentais PlayDoc, e cunha radio municipal que é un dos medios de comunicación máis ouvidos e mellor valorados da Galiza, con máis de 10.000 oíntes diarios en toda a comarca do Baixo Miño.

O alumnado da sección de Tui procede, por iso, non soamente da propia localidade de Tui, senón que abarca toda a zona de influencia da comarca, dende Salvaterra do Miño ata a Guarda, pasando por Salceda de Caselas e Tomiño, e tamén Porriño e ata Gondomar, pois moitos alumnos destas dúas últimas zonas prefiren vir a Tui antes que a Vigo pola maior facilidade de acceso e aparcamento.

A maior parte da poboación de Tui e da comarca do Baixo Miño adícase ao sector servizos, e hai tamén unha bastante importante actividade comercial e industrial concentrada nos polígonos industriais de Areas (concello de Tui) e da Granxa e a Gándara, situados entre Tui e Porriño. Por iso o perfil do alumnado corresponde habitualmente a un dos seguintes grupos:

- Alumnado e profesorado do ensino público non universitario de toda a comarca do Baixo Miño.

- 
- Profesionais do sector servizos de toda a comarca do Baixo Miño.
  - Profesionais relacionados coa actividade industrial e comercial dos polígonos de Areas, a Granxa e Gándara.

As relacións internacionais das empresas e comercios, especialmente con Portugal, pero tamén con outros países, pois Tui é tamén punto de atracción turística, motivan a presenza de gran parte do alumnado nas clases da sección de Tui.

## **2. Obxectivos, medidas e recursos da escola para dar resposta ás necesidades da súa contorna, para promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a propia mellora da escola**

### **2.1. Obxectivos do centro**

- Promover un centro activo en que se fomente e apoie a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa e a relación con distintas institucións da cidade:
  - facendo un bo uso das canles de comunicación entre os distintos ámbitos de xestión, do profesorado e do alumnado
  - organizando actividades abertas a toda a cidade e colaborando con distintas institucións: Concello, Universidade, Banco de Alimentos, Bibliotecas, etc.
- Coordinar a participación e implicación de toda a comunidade educativa:
  - impulsando actividades que favorezan a formación continua do profesorado, do persoal administrativo, laboral e dos/as membros do equipo directivo
  - fomentando a incorporación ao centro de programas institucionais, de ámbito galego, estatal e europeo, e proxectos de innovación pedagóxica e de mellora continua.
- Potenciar a avaliación formativa periódica da acción educativa do centro:
  - elaborando e analizando enquisas nos distintos ámbitos pedagóxicos e de xestión, realizando reunións periódicas cos distintos órganos de coordinación pedagóxica, de coordinación de recursos, de xestión administrativa ou de persoal laboral de xeito que se establezan pautas para mellorar a calidade.
- Organizar actividades culturais e de promoción dos idiomas que contribúan ao enriquecemento da vida escolar e que fomenten unha dimensión máis humana e de participación no centro:
  - favorecendo a participación do alumnado nas mesmas e abrindo o centro á cidade,
  - motivando aos departamentos didácticos a organizar viaxes, ciclos de conferencias, espectáculos, saídas, intercambios etc.
  - ofrecendo todo o apoio institucional e loxístico dende o equipo directivo para realizar con éxito as actividades programadas.
- Integrar a biblioteca e os seus recursos no proceso de ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras:
  - camiñando cara á biblioteca 2.0, é dicir, facendo a biblioteca máis interactiva, colaborativa e guiada polas necesidades e intereses do alumnado,
  - buscando a implicación e participación do/a usuario/a para crear unha gran comunidade de aprendizaxe.
- Promover a igualdade entre homes e mulleres a través de medidas inclusivas, colaborativas e non discriminatorias:
  - garantindo unha presenza equilibrada de homes e mulleres nos distintos órganos participativos do centro
  - favorecendo que nas aulas non se imparten contidos sexistas.
- Preparar ao alumnado para os desafíos dunha mobilidade nacional e internacional

nos ámbitos da educación, cultura, ciencia, mercado e industria:

- promovendo un ensino de linguas orientado ao uso e á comunicación real e no que os contidos socioculturais teñan unha presenza cotiá nas aulas.
- Fomentar o plurilingüismo e a pluriculturalidade para facilitar a comunicación e a interacción entre cidadáns e cidadás do mundo:
  - recollendo nas programacións didácticas contidos socioculturais relevantes
  - organizando actividades culturais entre os diferentes departamentos.

## 2.2. Obxectivos de xestión

- Impulsar o funcionamento dos órganos de goberno e coordinación de forma dinámica e eficaz:
  - favorecendo a reflexión, o consenso e o respecto na toma de decisións e outorgando, ao mesmo tempo, aos diferentes órganos de goberno, unipersoais e colexiados, a autonomía precisa.
- Promover a cualificación dos membros da comunidade educativa para unha xestión máis eficaz do centro:
  - a través de cursos de formación no propio centro e pescudando outras ofertas formativas que poidan brindar outras institucións.
- Fomentar unha xestión eficaz e transparente en que participen e debatan todos os sectores integrantes da comunidade escolar:
  - empregando as canles establecidas para este fin, estudando as prioridades e facendo públicas as decisións.
- Impulsar a eficacia, a rapidez e a axilidade na tramitación de todos os procesos administrativos e de xestión do centro:
  - facilitando deste xeito calquera trámite tanto ao alumnado como ao persoal do centro poñendo a disposición do alumnado e profesorado diferentes vías de petición e entrega de documentación (presencial, correo postal, e-mail, teléfono, fax, plataforma web do centro),
  - fornecendo modelos para a elaboración de documentos,
  - favorecendo o uso das tecnoloxías da información,
  - actualizando a páxina web e utilizando plataformas TIC de comunicación.
- Ordenar o réxime administrativo da escola:
  - elaborando un programa anual de xestión que recolla a planificación da actividade administrativa e un manual de procedementos de consulta rápida,
  - establecendo un reparto de tarefas preciso e ben delimitado entre o persoal administrativo e o persoal subalterno.
- Manter ao día a catalogación do material bibliográfico da biblioteca e promover a coordinación das persoas encargadas:
  - organizando sesións informativas sobre o proceso de catalogación,
  - empregando os diferentes recursos para divulgar a información.

### 2.3. Obxectivos en recursos humanos e materiais

- Fomentar e propiciar un clima de traballo agradábel e cordial:
  - favorecendo sempre o respecto mutuo e o diálogo como o mellor instrumento para solucionar conflitos.
- Fomentar a participación do profesorado e persoal non docente en actividades de formación permanente que repercutan positivamente no seu traballo:
  - asesorando e animando á actualización e renovación continuas dos profesionais que traballan no noso centro,
  - difundindo periodicamente entre toda a comunidade educativa actividades de formación, proxectos europeos, programas de mellora, grupos e seminarios de traballo, etc.
- Desenvolver estratexias colaborativas e cooperativas entre toda a comunidade educativa:
  - favorecendo o intercambio de coñecemento coa axuda das tecnoloxías da comunicación (páxina web do centro, as distintas plataformas de comunicación, CentrosNet, moodle, Aula Cesga).
- Optimizar o uso das instalacións e o seu mantemento para lograr un centro moderno e eficaz no ensino e aprendizaxe de idiomas:
  - revisando e actualizando o inventario e as instalacións e priorizando nos orzamentos as necesidades que se detectan no centro.

### 2.4. Obxectivos pedagóxicos

- Implementar as directrices do Consello de Europa para a aprendizaxe de linguas establecidas no Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas:
  - ofertando un ensino de idiomas desde unha perspectiva de uso, un modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación que fomente o desenvolvemento das destrezas lingüísticas comunicativas, das estratexias de aprendizaxe e, polo tanto, da autonomía do/a estudante e a capacidade de autoaprendizaxe de idiomas fóra da aula e despois de rematar os estudos na EOI.
- Fomentar o coñecemento da realidade xeográfica, histórica, económica, social, cultural e institucional dos territorios cuxas linguas se estudan:
  - incluíndo contidos socioculturais nas programacións didácticas e organizando actividades culturais e multiculturais.
- Desenvolver estratexias para a aprendizaxe autónoma e continua de linguas, que poidan facilitar o uso do idioma no exercicio de actividades profesionais e noutros ámbitos da cultura ou de interese persoal:
  - fomentando o uso do Portfolio Europeo para as Linguas nas aulas.
- Potenciar o uso das TIC dentro e fóra da aula entre o alumnado e aproveitar os recursos que ofrece a internet para a autoaprendizaxe:
  - dotando ao centro de recursos materiais necesarios para tal fin.
  - facilitando actividades de formación para o profesorado.

- facilitándolle ao alumnado unha selección de recursos de autoaprendizaxe na páxina web, na área reservada aos diferentes departamentos ou idiomas.
- Poñer a disposición do alumnado con dificultades de tipo cultural, físico, sensorial ou psíquico os medios e adaptacións necesarias para a súa integración:
- aplicando protocolos de actuación e intervención adaptados ás necesidades individuais do alumnado con dificultades.
- Fomentar a avaliación formativa e a capacidade de autoavaliación:
- familiarizando ao alumnado cos criterios de avaliación e criterios de corrección,
- realizando actividades de autoavaliación nas aulas.
- Estandarizar os criterios de corrección nos departamentos:
- aplicando os protocolos elaborados para tal fin pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

## 2.5. Obxectivos para a promoción da igualdade entre mulleres e homes

- Dar cumprimento aos artigos 9º e 10º da [Lei 7/2004, do 16 de xullo](#), galega para a igualdade de mulleres e homes.

## 2.6. Obxectivos para a promoción do uso da lingua galega

- Fomentar o interese polo coñecemento e o emprego da lingua galega como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación:
- impulsando a presenza do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) nos diferentes departamentos didácticos do centro e dando difusión ás actividades organizadas polo EDLG entre toda a comunidade educativa para acadar a maior implicación posíbel de todos o membros.
- fomentando a lectura e o debate a través do club de lectura do Departamento de Galego.
- Fomentar o uso da lingua galega na información e atención dada ao alumnado, en reunións de órganos colexiados, como lingua de apoio na aula (cando non se utiliza a lingua de ensino), como lingua de relación fóra da aula (titorías, actividades extraescolares...), etc.:
- utilizando sempre a lingua galega en toda a documentación administrativa do Centro, o rotulado, as comunicacións orais e escritas co alumnado, profesorado e con outras institucións e a páxina web; todas as reunións e actividades organizadas polo equipo directivo desenvolveranse en galego (reunións do claustro, do Consello Escolar, da CCP e reunións informativas).
- Favorecer o acceso á lingua galega para estranxeiros/as e persoas doutras Comunidades Autónomas:
- incluíndo na oferta educativas cursos de iniciación á lingua galega e mantendo un fondo bibliográfico actualizado na biblioteca do centro.
- Proxectar as accións do Equipo de Dinamización Lingüística fóra dos límites do noso centro educativo:

- establecendo colaboracións con centros de ensino secundario, bibliotecas e outras institucións.

## 2.7. Obxectivos e medidas para a atención á diversidade

A atención á diversidade é o conxunto de accións educativas que tentan dar resposta ás necesidades do alumnado do centro e, entre elas, ás que requiren unha actuación específica por mor de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, de comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

Os centros de ensino de idiomas deben ser lugares para a adquisición e a creación de coñecemento de linguas e culturas, accesíbeis a todo tipo de aprendiz. As seguintes accións educativas axudan a dar resposta, sempre que os recursos o permitan, tanto ao alumnado que dentro dun mesmo curso presenta diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, como ás persoas que teñen algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial:

- Dinámicas de grupo: a formación de grupos de traballo unhas veces por similitude de estilos de aprendizaxe ou de idades, e outras combinando nun mesmo grupo estilos, idades e capacidades diferentes.
- Traballo por proxectos, nos que todos poden contribuír coas súas fortalezas para a realización do produto final.
- Traballo por secuencias de tarefas de distinto grao de dificultade e temporalización (traballo por “estacións”, diferentes itinerarios de aprendizaxe), relacionadas co mesmo obxectivo de xeito que cada alumna/o poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade.
- A atención individualizada nas titorías.
- O uso das TIC como ferramenta de autoaprendizaxe, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, unha relación cos seus erros menos pública mediante a realización de actividades autocorrixíbeis, ou a interacción real a través da rede con outras/os usuarias/os da lingua.
- A atención individualizada ao alumnado con discapacidade auditiva, proporcionándolle auriculares, permitíndolle repetir as escoitas a través de plataformas de aprendizaxe autónoma ou falándolle cunha vocalización e volume máis adaptado ás súas necesidades.
- A atención individualizada ao alumnado con discapacidade de visión, proporcionándolle materiais coa letra ampliada, e no caso de cegueira, mediando coa ONCE para a transcripción de materiais ao sistema Braille.
- A atención individualizada ao alumnado con discapacidade física, proporcionándolle un espazo de traballo adecuado as súas necesidades.
- A atención individualizada ao alumnado con discapacidade psíquica, tendo en conta as dificultades particulares de cada alumna/o .

### Adaptación de probas de avaliación para o alumnado con discapacidade

A organización e aplicación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidade basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non

---

discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na realización das probas deberanse adaptar, se é o caso, á duración e ás condicións de realización delas.

Os equipos de orientación específicos emitirán informes de adaptación logo de recibir a solicitude pertinente por parte do alumnado.



### **3. Relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos**

O noso centro pretende ser unha institución aberta á colaboración e cooperación con outras institucións, organismos ou entidades que redunden na mellora da formación do persoal e do alumnado do centro, que ofrezan posibilidades de difusión e/ou participación en actividades culturais ou de promoción de idiomas, e que, en definitiva, poidan repercutir positivamente á hora de cumprir os obxectivos previstos neste proxecto educativo.

A continuación enuméranse as institucións e entidades coas que colabora a Escola Oficial de Idiomas de Vigo:

**O SEPIE, Servizo Español para a Internacionalización da Educación (antigo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos, OAPEE).** A EOI de Vigo conta cunha longa traxectoria en programas europeos: organización e participación en seminarios Grundvigt, mobilidades de profesorado, implementación do Portfolio Europeo das Linguas ou e-Twinning entre outros. Actualmente existen proxectos en marcha no marco do programa Erasmus+ .

**O Concello de Vigo e os restantes concellos onde están situadas as seccións (Cangas, Nigrán, Pontearreas, Redondela, Tui).** Dende o ano 2009 esta institución subvenciona as bolsas “Concello de Vigo”, destinadas ao alumnado da Central e da sección de Coia para realizar estancias lingüísticas nos países nos que se falan as sete linguas estranxeiras impartidas na EOI de Vigo. A Empresa Espazo Ensina xestiona as Bolsas “Concello de Vigo”.

**A Deputación de Pontevedra.** Esta entidade subvenciona puntualmente ciclos culturais, por exemplo, Oriente Express 1 e 2.

**A Universidade de Vigo.** Existe un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo e outras universidades de Galicia para titorizar o alumnado de mestrado (de profesorado e de lingüística aplicada)

**O Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) en Santiago de Compostela.** Este centro de formación dependente da Consellería de Educación organiza cursos de formación para o profesorado.

**O Centro de Formación e Recursos (CFR) de Vigo.** En colaboración co CFR de Vigo, o profesorado da EOI imparte cursos de idiomas destinados a toda a comunidade docente de Vigo e arredores. O CFR organiza cursos de formación para o profesorado e asesora seminarios permanentes e grupos de traballo.

**Biblioteca Neira Vilas, o IES Castelao e asociación de veciños do Calvario.** O Equipo de Dinamización Lingüística colabora con estes centros no desenvolvemento de diferentes proxectos (concursos, animación á lectura, etc.) Dende o curso académico 2013-2014 a EOI de Vigo está desenvolvendo o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) no que participa a biblioteca Neira Vilas.

**Os institutos de ensino secundario da cidade e a comarca**, moi especialmente os que acollen as seccións da nosa escola: IES Rodeira (Cangas), IES Alexandre Bóveda (Coia), IES Escolas Proval (Nigrán), IES Val do Tea (Ponteareas), IES Pedro Florianí (Redondela) e IES Sampaio (Tui). Os institutos de ensino secundario de Vigo colaboran en actividades culturais programadas polos departamentos da EOI de Vigo, por exemplo, teatro en lingua francesa. O IES Audiovisual de Vigo (Bouzas) colabora puntualmente na gravación de audicións para as probas unificadas de certificación das EOI de Galicia. A EOI de Vigo examina ao alumnado CUALE formado nos IES da área de Vigo.

**As demais escolas oficiais de idiomas galegas e do Estado.** As escolas manteñen unha relación recíproca de intercambio de materiais didácticos, bancos de exames e de xestión administrativa.

**As embaixadas.** As embaixadas colaboran puntualmente na organización de ciclos de conferencias, congresos ou outras actividades. As embaixadas de China e Xapón colaboraron en varias ocasión cos ciclos de conferencias Oriente Express e co mercado solidario para recadar fondos para axudar ás persoas damnificadas pola catástrofe do Tsunami no ano 2011.

**O Instituto Confucio.** Este centro mantén un convenio coa Xunta de Galicia e facilita que profesorado chinés imparta docencia durante un ano no noso centro.

**O Instituto Camões, o Instituto Goethe, o Instituto Cervantes, a Alianza Francesa e o British Council.** Estas institucións poden colaborar en eventos ou ciclos de conferencias organizadas polos distintos departamentos do noso centro.

**O ICEX – Instituto de Comercio Exterior.** O profesorado da EOI de Vigo administra os exames de lingua estranxeira dentro do proceso de selección de bolseiras e bolseiros do ICEX. A EOI de Vigo aluga as instalacións para realizar estes exames.

**Protección Civil.** Este organismo colabora nos simulacros de evacuación que se realizan anualmente no centro dentro do plan de autoprotección.

**A Asociación do Alumnado. A EOI de Vigo** presta as súas aulas para os cursos de linguas que ofrece esta asociación durante o mes de xullo e todos os sábados durante o curso. A web do noso centro serve de plataforma de difusión de todas as súas actividades. Tamén hai colaboracións puntuais en actividades culturais. Esta asociación financia a matrícula do alumnado colaborador da biblioteca.

**Renfe.** Renfe financia o premio do concurso anual Interrail organizado polo Equipo de Dinamización Lingüística, que ofrece un billete para viaxar por toda Europa.

**A asociación fotográfica ArteK3.** A Asociación Artek3 asesora a atribución de premios dos concursos de fotografía de Interrail.

**A APAN (Asociación de Padres de Minusválidos Cerebrales).** A EOI de Vigo colabora coa compra solidaria de felicitacións de nadal.

---

### Outras colaboracións:

Anualmente organízanse mercados solidarios para recadar fondos para diferentes causas ou institucións, por exemplo, Médicos sen Fronteiras, Banco de Alimentos, Enfermos pobres, traxedias humanitarias, etc.

**A rede internacional de arte por correo.** A EOI é receptora das obras dos/as participantes na convocatoria internacional de arte por correo “A lingua galega no mundo”.

**Os Multicines** Norte ofrecen un desconto ao noso alumnado nos pases das súas películas en versión orixinal subtitulada.

**Os cines Yelmo** ofrecen unha redución das tarifas para o alumnado da escola en “Exhibition on Screen”, o teatro “National Theatre Live” e a ópera “Met Opera en directo”, todo en versión orixinal subtitulada.

## 4. Oferta formativa

Para dar resposta ás necesidades e demandas de coñecemento, formación, capacitación e certificación no uso de linguas, a nosa escola dispón dunha oferta educativa flexíbel, adaptada ás necesidades estruturais pero tamén conxunturais, sempre dentro do marco normativo e suxeita á dispoñibilidade de persoal e espazo da que dispoña o noso centro.

A oferta educativa réxese pola seguinte lexislación:

[Real Decreto 944/2003, do 18 de xullo](#), polo que se establece a estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación.

[Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro](#) polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola [Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio](#) de Educación.

[Decreto 191/2007, do 20 de setembro](#), polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos do niveis básico e intermedio.

[Decreto 239/2008, do 25 de setembro](#), polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas.

[Decreto 189/2010, do 11 de novembro](#), polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

[Orde do 5 de agosto de 2011](#), pola que se desenvolve o [Decreto 189/2010, do 11 de novembro](#), polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.

[Orde do 8 de outubro de 2012](#), pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación dos cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

### 4.1 Cursos ordinarios

O plan de estudos artículase nos seguintes niveis:

- a) Nivel básico, equivalente ao nivel A2 do [Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas \(MCERL\)](#)
- b) Nivel intermedio, equivalente ao nivel B1 do MCERL.
- c) Nivel avanzado, equivalente ao nivel B2 do MCERL.
- d) Nivel C1, equivalente ao nivel C1 do MCERL.

O **nivel básico** desenvólvese nun, dous ou tres cursos académicos dependendo do idioma:

- Alemán, francés, inglés, italiano: dous cursos académicos (Básico 1 e Básico 2)
- Chinés e Xaponés: tres cursos académicos (Básico 1, Básico 2, Básico 3)
- Portugués e galego: un curso académico (Básico integrado)
- Español: un ou dous cursos académicos (Básico1, Básico 2 ou Básico integrado)

O **nivel intermedio** desenvólvese nun, dous ou tres cursos académicos dependendo do idioma:

- Alemán, español para estranxeiros, francés, inglés, italiano: dous cursos académicos (Intermedio 1 e Intermedio 2)
- Chinés e Xaponés: tres cursos académicos (Intermedio 1, Intermedio 2, Intermedio 3)
- Portugués e galego: un curso académico (Intermedio integrado)
- Español: un ou dous cursos académicos (Intermedio 1, Intermedio 2 ou Intermedio integrado)

O **nivel avanzado** desenvólvese nun ou dous cursos académicos dependendo do idioma:

- Alemán, chinés, francés, inglés, italiano, portugués, xaponés: dous cursos académicos (Avanzado 1 e Avanzado 2)
- Chinés e Xaponés: tres cursos académicos (Avanzado 1, Avanzado 2, Avanzado 3)<sup>1</sup>
- Galego, español para estranxeiros: un curso académico (Avanzado integrado)

O **nivel C1** desenvólvese nun curso académico. No curso académico 2015-2016 impártese nos idiomas galego e inglés.

Os cursos ordinarios poden ser:

- anuais: 130 horas de duración, de setembro a xuño distribuídas en tres sesións semanais de 1h 30 min ou dúas sesións semanais de 2h 15 min.
- intensivos: 130 horas de duración, de setembro a febreiro ou de febreiro a xuño. No presente curso académico non se ofertan grupos intensivos.
- Integrados: (só no caso de español, galego e portugués): 130 horas de duración, de setembro a xuño, distribuídas en tres sesións semanais de 1h 30 min ou dúas sesións semanais de 2h 15 min. O currículo do nivel C1 impártese nun ano académico.

#### 4.1.1. Certificacións oficiais

Ao rematar cada nivel e superar as probas de avaliación de certificación o alumnado obtén o certificado oficial correspondente:

- Nivel básico: certificado de nivel básico (A2 do MECRL).
- Nivel intermedio: certificado de nivel intermedio (B1 do MECRL).
- Nivel avanzado: certificado de nivel avanzado (B2 do MECRL).
- Nivel C1: certificado de nivel C1 (C1 do MECRL).

Existe a posibilidade de obter os certificados de todas as linguas e niveis que se imparten no centro pola modalidade libre realizando as probas que se convocan anualmente durante o mes de xuño. Pode consultarse na sección “Admisión de alumnado” para máis información.

#### 4.1.2. Validez das certificacións das EOI

---

<sup>1</sup> No curso 2015-2016 o departamento de chinés imparte ata o nivel intermedio 3 e o departamento de xaponés ata o nivel avanzado 1.

As certificacións que expiden as EOI son titulacións de recoñecido prestixio no mundo laboral e profesional. Son as únicas titulacións oficiais válidas en todo o territorio español, expedidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e polas comunidades autónomas con competencias educativas nas que se certifica o dominio dun nivel de competencia lingüística dunha lingua estranxeira e de español para estranxeiros ou das diferentes linguas autonómicas.

Estas certificacións son recoñecidas por distintos organismos oficiais como:

- horas de formación para funcionarios de Galicia e das diferentes comunidades autónomas
- horas de formación permanente para o profesorado (sexenios, concursos, concesións de bolsas, intercambios, proxectos europeos), (Orde do 1 de marzo de 2007, DOG do 14 de abril)
- méritos en concursos de traslados para funcionarios de Galicia e das diferentes comunidades autónomas do Estado español
- méritos na fase de concurso-oposición para o acceso á función pública en territorio español
- habilitación para impartir especialidades de linguas en educación primaria para funcionarios de carreira, segundo a Orde do 10 de abril de 1992 (DOG do 24 de abril).
- habilitación para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Orde do 18 de febreiro de 2011, DOG do 26 de abril de 2011).

## 4.2. Cursos para colectivos profesionais e público en xeral

**Cursos de formación, actualización e especialización lingüística para o profesorado impartidos na EOI de Vigo en colaboración co Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e o Centro de Formación de Recursos (CFR) de Vigo**

A oferta de cursos varía cada ano. Pode consultarse no plan anual de formación do profesorado publicado polo [CAFI](#).

No curso académico 2015-2016 impártense cursos de actualización lingüística para o profesorado (CALC) de niveis A2, B1 e B2 nos idiomas francés e inglés. Dependendo da demanda pódense impartir tamén cursos de formación para o profesorado ([FOR](#))

Distribución horaria:

Cursos CALC: 120 horas, repartidas en dúas sesións semanais de 2 horas e 15 minutos.

Cursos FOR: Poden ter unha duración de 60, 40 ou 30 horas, repartidas en dúas sesións semanais de 2 horas e 15 minutos.

## Cursos en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Tamén son ofertados cursos monográficos de galego, organizados en colaboración coa [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#) (linguaxe administrativa galega de niveis medio e superior, cursos preparatorios para examinarse dos certificados de lingua galega (CELGA 2, CELGA 3 e CELGA 4), cursos monográficos dirixidos a profesionais de diversos sectores (que poden variar anualmente). A convocatoria destes cursos publícase no DOG (Diario Oficial de Galicia).

Distribución horaria:

Cursos CELGA: 60 horas repartidas en dúas sesións semanais de 2 horas e 30 minutos.

Cursos de Linguaxe Administrativa: 75 horas repartidas en dúas sesións semanais de 2 horas e 30 minutos.

### 4.3. Cursos semipresenciais: That's English!

A EOI de Vigo é centro de apoio tutorial do programa That's English!, que permite estudar inglés a distancia.

NIVEIS	IDIOMA	Módulos do curso	EQUIVALENCIAS CO MCERL
Básico 1	Inglés a distancia	1 e 2	Nivel A2
Básico 2	Inglés a distancia	3 e 4	
Intermedio 1	Inglés a distancia	5 e 6	Nivel B1
Intermedio 2	Inglés a distancia	7 e 8	
Avanzado 1	Inglés a distancia	9 e 10	1º curso do Nivel B2

O nivel Avanzado 2 está pendente de implantación.

Toda a información relacionada con estes cursos pode consultarse na web de [That's English](#).

Distribución horaria:

Cursos That's English: cada módulo consta de 60 horas con 1 hora e 30 minutos de tutoría presencial semanal.

### 4.4. Oferta educativa na sede central

NIVEIS	IDIOMAS	EQUIVALENCIAS CO <a href="#">Marco común europeo de referencia para as linguas</a>
Nivel básico 1	alemán, chinés, español, francés, inglés, italiano e xaponés	Nivel A2
Nivel básico 2	alemán, chinés, español, francés, inglés, italiano, e xaponés	
Nivel básico 3	chinés e xaponés	
Nivel básico integrado	español, galego e portugués	
Certificación de nivel básico		



Nivel intermedio 1	alemán, chinés, español, francés, inglés, italiano, e xaponés	Nivel B1
Nivel intermedio 2	alemán, chinés, español, francés, inglés, italiano, e xaponés	
Nivel intermedio 3	chinés e xaponés	
Nivel intermedio integrado	galego e portugués	
Certificación de nivel intermedio		
Nivel avanzado 1	alemán, español, francés, inglés, italiano, portugués e xaponés	Nivel B2
Nivel avanzado 2	alemán, español, francés, inglés, italiano, portugués	
Nivel avanzado integrado	español e galego	
Certificación de nivel avanzado		
Nivel C1	galego e inglés	Nivel C1
Certificación de nivel C1		

#### 4.5. Oferta educativa nas seccións (Cangas, Coia, Nigrán, Pontearreas, Redondela e Tui)

##### Cangas

NIVEIS	IDIOMAS	EQUIVALENCIAS CO MCERL
Nivel básico 1	francés, inglés	Nivel A2
Nivel básico 2	francés, inglés	
Certificación de nivel básico		
Nivel intermedio 1	francés, inglés	Nivel B1
Nivel intermedio 2	francés, inglés	
Certificación de nivel intermedio		
Nivel avanzado 1	francés, inglés	Nivel B2
Nivel avanzado 2	francés, inglés	
Certificación de nivel avanzado		

##### Coia

NIVEIS	IDIOMAS	EQUIVALENCIAS CO MCERL
Nivel básico 1	francés, inglés, italiano	Nivel A2
Nivel básico 2	francés, inglés, italiano	
Certificación de nivel básico		
Nivel intermedio 1	francés, inglés	Nivel B1
Nivel intermedio 2	francés, inglés	
Certificación de nivel intermedio		
Nivel avanzado 1	inglés	Nivel B2
Nivel avanzado 2	inglés	
Certificación de nivel avanzado		

##### Nigrán

NIVEIS	IDIOMAS	EQUIVALENCIAS CO MCERL
Nivel básico 1	inglés	Nivel A2
Nivel básico 2	inglés	
Certificación de nivel básico		
Nivel intermedio 1	inglés	Nivel B1
Nivel intermedio 2	inglés	
Certificación de nivel intermedio		
Nivel avanzado 1	inglés	Nivel B2
Nivel avanzado 2	inglés	
Certificación de nivel avanzado		



### Ponteareas

NIVEIS	IDIOMAS	EQUIVALENCIAS CO MCERL
Nivel básico 1	inglés	Nivel A2
Nivel básico 2	inglés	
Certificación de nivel básico		
Nivel intermedio 1	inglés	Nivel B1
Nivel intermedio 2	inglés	
Certificación de nivel intermedio		
Nivel avanzado 1	inglés	Nivel B2
Nivel avanzado 2	inglés	
Certificación de nivel avanzado		

### Redondela

NIVEIS	IDIOMAS	EQUIVALENCIAS CO MCERL
Nivel básico 1	inglés	Nivel A2
Nivel básico 2	inglés	
Certificación de nivel básico		
Nivel intermedio 1	inglés	Nivel B1
Nivel intermedio 2	inglés	
Certificación de nivel intermedio		
Nivel avanzado 1	inglés	Nivel B2
Nivel avanzado 2	inglés	
Certificación de nivel avanzado		

### Tui

NIVEIS	IDIOMAS	EQUIVALENCIAS CO MCERL
Nivel básico 1	francés, inglés	Nivel A2
Nivel básico 2	francés, inglés	
Nivel básico integrado	portugués	
Certificación de nivel básico		
Nivel intermedio 1	francés, inglés	Nivel B1
Nivel intermedio 2	francés, inglés	
Nivel intermedio integrado	portugués	
Certificación de nivel intermedio		
Nivel avanzado 1	francés, inglés, portugués	Nivel B2
Nivel avanzado 2	francés, inglés, portugués	
Certificación de nivel avanzado		

## 5. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico

### 5.1. Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe de idiomas na EOI de Vigo, que asemade guiarán os criterios de selección de material didáctico, serán os seguintes:

Tendo en conta os principios metodolóxicos expresados no artigo 8 do [Decreto 191/2007](#), do 20 de setembro, que á súa vez recollen os do Consello de Europa desenvolvidos no MECRL, a aprendizaxe e ensino de idiomas debe partir do concepto de **lingua como vehículo de comunicación** na realización de todo tipo de **tarefas da vida real** a través de actividades nas que cómpre interactuar oralmente ou por escrito.

Trátase dun paradigma comunicativo baseado nun **enfoque orientado á acción** que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón tamén en todas as capacidades que a persoa, como axente social, debe utilizar para integrarse noutra comunidade con lingua e cultura propias. Nas programacións didácticas, os obxectivos xerais e específicos para cada destreza son coherentes con este enfoque.

O ensino do idioma ofrécese desde unha perspectiva de uso, un modelo de lingua entendido como vehículo de comunicación que fomenta o **desenvolvemento das destrezas lingüísticas comunicativas, das estratexias de aprendizaxe e, polo tanto, da autonomía da/o estudante** e a capacidade de autoaprendizaxe de idiomas fóra da aula e despois de rematar os estudos na EOI.

Para acadar o desenvolvemento da competencia comunicativa na aula propóñense actividades e tarefas que simulan situacións comunicativas reais fóra da aula, contando coa axuda de materiais pedagóxicos auténticos (textos, documentos, gravacións, filmacións, etc.).

Así mesmo, propónse un enfoque metodolóxico procesual e centrado no aprendiz na medida en que se terán en conta os **intereses, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe** do alumnado para a selección e secuenciación de tarefas e materiais, dentro do marco curricular no que se desenvolven os cursos da EOI.

Emprégase a **lingua obxecto de aprendizaxe como vehículo de comunicación** na clase. Deste modo, o alumnado recibe un estímulo adicional na lingua aprendida e está exposto a modelos lingüísticos que pode imitar. O uso doutras linguas maternas na clase non ten por que estar totalmente excluído, especialmente no nivel básico 1; a súa presenza deberá ser sempre ocasional.

A **gramática** (entendendo por “gramática” calquera forma de descrición metalingüística) é vista como un **medio**, nunca unha finalidade ou un obxectivo en si mesma.

Considérase **o erro algo natural e necesario para a aprendizaxe**, e o seu tratamento está vinculado á eficacia comunicativa atendendo aos criterios de avaliación de cada nivel.

## 5.2. Criterios de selección de material didáctico

A selección de material didáctico verase apoiada en criterios que axuden a analizar a súa adecuación aos obxectivos, aos contidos e á metodoloxía da nosa programación. Os materiais didácticos seleccionados deberán:

- Basearse nos niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas
- Respectar os nosos principios metodolóxicos comunicativos.
- Amosar unha secuencia coherente e organizada das nosas propostas de aprendizaxe.
- Presentar contidos comunicativos, lingüísticos e culturais que coincidan cos contidos das programacións dos departamentos didácticos.
- Presentar contidos actuais acordes coa evolución da sociedade.
- Propor tarefas dirixidas a fomentar o uso da lingua en contextos comunicativos.
- Presentar unha boa estrutura interna.
- Incentivar a participación do alumnado no proceso de selección de materiais.
- Permitir un adestramento equilibrado de todas as competencias lingüísticas.
- Fomentar o uso de estratexias de aprendizaxe.
- Conter materiais impresos, audiovisuais e material e liña.
- Conter tarefas variadas que permitan respectar os diferentes estilos de aprendizaxe.
- Ter unha presentación atractiva e agradábel.
- Incluír actividades adecuadas para a idade e as características do noso alumnado.
- Presentar textos que cumpran o criterio de autenticidade.

## 6. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas

### 6.1. Elaboración

As programacións didácticas son o instrumento de planificación curricular específico de cada departamento para cada un dos cursos das ensinanzas que se imparten na EOI e serán elaboradas tendo en conta os principios democráticos de igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de raza, orixe, nacionalidade, cultura, lingua, relixión, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Todas as programacións deberán recoller medidas de atención ao alumnado con dificultades de tipo cultural, físico ou psíquico para facilitar a súa integración, segundo o marco legal establecido.

En calquera caso, consonte o punto 3 do artigo 9 do [Decreto 189/2010, do 11 de novembro](#), polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, as programacións didácticas incluírán, cando menos, os seguintes aspectos:

- Os obxectivos de cada un dos cursos que imparte o departamento.
- Os contidos, a súa secuencia e temporalización nos distintos cursos.
- Os criterios de avaliación de cada curso, especificando os mínimos esixíbeis para superar os cursos dentro de cada nivel.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- Os criterios de cualificación que se vaian aplicar.
- O enfoque metodolóxico.
- Os recursos didácticos, incluídos as tecnoloxías da información e da comunicación, os materiais curriculares e os libros de texto para uso do alumnado.
- As actividades culturais e de promoción do idioma programadas polo departamento.
- Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación didáctica.
- Os procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.

No prazo establecido na [Orde do 5 de agosto de 2011](#) que desenvolve o [Decreto 189/2010](#) os departamentos didácticos elaborarán as correspondentes programacións, usando un formato unificado que lles será facilitado pola xefatura de estudos. A súa elaboración será realizada en sesións de traballo de equipo polo departamento, seguindo as directrices propostas pola comisión de coordinación pedagóxica e as establecidas neste proxecto educativo. Unha vez ouvidas as propostas das distintas coordinacións didácticas, a xefatura de departamento ou as persoas nas que delegue redactarán a programación didáctica.

Tras a aprobación polo claustro docente, como parte da programación xeral anual, as programacións estarán a disposición de toda a comunidade educativa nos correspondentes departamentos didácticos. Na páxina web publicarase un resumo simplificado para o alumnado.

## 6.2. Seguimento

O seguimento das programacións realizarase:

A través das reunións periódicas de coordinación: os departamentos farán un seguimento do desenvolvemento da programación e reflectirán nos seus protocolos de seguimento ou nas actas das reunións de coordinación as propostas de modificación necesarias para adecuar a programación ás necesidades do alumnado.

Estas propostas de modificación realizaranse tras unha reflexión sistemática sobre o grao de adecuación dos distintos elementos que integran a programación:

- Se a organización de contidos en unidades é adecuada na súa selección e temporalización.
- Se os contidos propostos se adecúan ao nivel.
- Se hai redundancias ou contidos irrelevantes.
- Se o desenvolvemento das unidades da programación responde ao enfoque metodolóxico proposto.
- Se os obxectivos propostos se concretan nas unidades da programación e cobren todos os aspectos do currículo.
- Se a proposta de tarefas e actividades considera diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.
- Se o tempo asignado para cada unidade é adecuado.
- Se a programación se adecúa aos obxectivos de avaliación propostos nas tarefas de certificación.
- Se están claros os criterios mínimos de avaliación.
- Se os procedementos e criterios de avaliación e cualificación son claros, eficaces e adecuados para avaliar a adquisición e dominio dos contidos.
- Se existe un bo nivel de estandarización na aplicación dos criterios no departamento.
- Se utilizamos a autoavaliación para fomentar a autonomía e responsabilidade do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.
- Se os recursos didácticos, materiais, libros de texto, etc, son adecuados e responden ao criterio de autenticidade.

A través de reunións de departamento: despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posíbel abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica ou a súa implementación e tamén para unificar criterios de avaliación (estandarización).

A través da memoria final de departamento, na que se consignarán todos os aspectos a reformar que serán tidos en conta na actualización das programacións do seguinte curso.

## **7. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e promoción de idiomas**

A vicedirección é a persoa encargada de coordinar as actividades culturais e de promoción do idioma xunto coas xefaturas de departamento, as xefaturas de estudo das seccións ou as persoas nas que se deleguen estas tarefas. A coordinación destas actividades realízase mediante reunións presenciais e virtuais.

Nun primeiro momento os departamentos didácticos elaboran unha programación provisoria cuxos obxectivos principais son buscar un acercamento á cultura da lingua que se ensina, promover e mellorar as competencias comunicativas e favorecer o plurilingüismo e multiculturalidade programando actividades interdepartamentais.

A vicedirección elabora a Programación Anual de Actividades Culturais e Promoción de Idiomas onde integra as actividades culturais propostas por todos os departamentos. Entre elas destacan os clubs de lectura en distintas linguas, ciclos de relatorios de contidos socioculturais de cada país impartidos polas persoas auxiliares de conversa ou relatores invitados, viaxes, obras de teatro, concursos fotográficos ou de postais, xornadas de cociña, xornadas musicais, etc. O calendario inicial de actividades queda suxeito a modificacións puntuais ao longo de curso.

A difusión das actividades realízase a través da páxina web da EOI, na sección “Actividades Culturais” e mediante anuncios nos taboleiros do centro. O profesorado informa das actividades puntualmente nas aulas.

## **8. Directrices xerais para o funcionamento adecuado das titorías**

De acordo co regulamento orgánico das EOI, cada profesor/a será responsábel da titoría do alumnado matriculado nos cursos en que imparte docencia. No citado regulamento recóllense as funcións propias da titoría, entre as cales non figura a de reforzo de prácticas orais, nin de ningunha destreza, quer lingüística quer comunicativa, nin individualizadas nin en grupo.

O profesorado debe dedicar unha hora presencial ás titorías, nas bandas horarias máis convenientes para o alumnado, tendo en conta o seu horario de clase.

A resposta ás consultas do alumnado poderá facerse de forma presencial ou ben a través do correo electrónico no horario fixado por cada profesor/a para a atención ao alumnado dos seus grupos.

O alumnado libre non conta con este dereito de atención. A información necesaria poden atopala publicada na web do centro.

## **9. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación**

### **9.1. Obxectivos xerais e medidas para a utilización das TIC**

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa, realizando unha avaliación periódica do seu uso e implementando melloras continuadas na súa navegabilidade, contidos e estrutura.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado e do profesorado para fomentar a aprendizaxe autónoma en contornos virtuais, poñendo a súa disposición todos os recursos e espazos necesarios, favorecendo o uso do ePEL (Portfolio Europeo de Linguas electrónico), e integrando na práctica docente todas as posibilidades que ofrecen as TIC (redes sociais, blogs, podcasts, wikis, mensaxería instantánea, telefonía en liña, vídeo conferencias, foros, aulas virtuais, etc.)
- Crear unha comunidade de coñecemento entre o profesorado do centro baseada na aprendizaxe significativa e colaboradora favorecendo o uso de plataformas web de aprendizaxe como Aula Cesga, Moodle, etc.
- Facilitar o acceso á formación que capacite ao profesorado para impartir ensinanza a distancia ou semipresencial, proporcionando información actualizada da oferta de cursos de formación e garantindo o asesoramento ao profesorado por parte da persoa coordinadora das TIC.
- Facilitar o acceso ás ferramentas TIC por parte do alumnado con necesidades especiais, adaptando os recursos informáticos e materiais do centro ás súas necesidades.

### **9.2. Recursos materiais e humanos para a utilización das TIC**

#### **9.2.1. Recursos humanos**

Todo o cadro de persoal do centro e todo o alumnado, deben ser elementos activos dos recursos humanos para a utilización das TIC da nosa escola, cadaquén no seu ámbito e segundo a súa función.

Correspóndelle á vicedirección, por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión do sitio web da escola, coordinar o equipo de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación e biblioteca, impulsar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e os espazos de autoaprendizaxe, e establecer mecanismos de xestión da correspondencia electrónica da escola, derivando a súa resposta a quen corresponda.

A persoa que ocupa a secretaría do centro é responsábel da supervisión do uso das aplicacións de matriculación en liña e xestión administrativa do centro.

É función e obriga dos departamentos didácticos participar na elaboración dun banco de actividades didácticas; elaborar e actualizar listaxes de recursos de autoaprendizaxe e difundilos na web do centro; así como colaborar co equipo de recursos das TIC e biblioteca.

É función e obriga das persoas coordinadoras de curso responsabilizarse da elaboración e



arquivo dun banco de actividades do curso que coordina, segundo as directrices establecidas polo departamento.

A persoa coordinadora do equipo das TIC xestionará o mantemento e reparación dos equipos multimedia; dinamizará o uso das novas tecnoloxías na escola, establecendo un plano anual que poderá incluír sesións formativas e informativas; asesorará o profesorado na utilización dos recursos TIC.

### **9.2.2. Recursos materiais**

A biblioteca conta con nove computadores con dispositivos multimedia e acceso a internet que son de libre uso para todo o alumnado. Unha das mesas está especialmente deseñada para o uso de alumnado con cadeira de rodas.

A páxina web do centro é o medio tecnolóxico de transmisión da información máis importante de índole académica e cultural, para profesorado e alumnado. Asemade, ofrece acceso ás aulas virtuais Moodle e Cesga que o profesorado pode pór a disposición do alumnado para fomentar a autoaprendizaxe e para compartir materiais. Desde a páxina web accédese, así mesmo, ao catálogo online da biblioteca. Cada docente ten configurado un perfil informático (usuario e contrasinal) para o acceso á zona do profesorado de uso restrinxido.

A EOI conta cunha rede de internet sen fíos (ou wifi), con diversos puntos de acceso, que dá cobertura a todo o edificio. Existen dúas redes wifi: unha para o alumnado e outra para o profesorado.

A EOI dispón dunha aula multimedia con trinta postos que debe ser reservada con antelación.

A aplicación CentrosNet serve para a xestión de cualificacións, ausencias do alumnado, ofertas horarias, mensaxería instantánea, consulta de expedientes e xestión de listaxes de alumnado.

### **Equipamento nas aulas**

Todas as aulas están dotadas co seguinte material audiovisual:

- TV, canón proxector e reprodutor DVD
- Reprodutor de CDs
- Sistema de megafonía
- Encerado interactivo (4 aulas)



## Equipamento portátil

O equipamento que se relaciona está á disposición do profesorado: reprodutores mp3, retroproectores, ordenadores portátiles, canón proxector portátil, memorias portátiles (USB), cámara fotográfica dixital, cámara de vídeo, gravadoras dixitais.

## 10. Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos, de funcionamento e de xestión da escola

Consonte o recollido no Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas galegas, a EOI de Vigo realizará procesos de avaliación interna do funcionamento e da xestión da escola, así como de todos os proxectos pedagóxicos, co fin de obter a información precisa para establecer, se é o caso, medidas de mellora da calidade nos ámbitos que cumpra.

Á espera de que a administración educativa estableza os criterios e indicadores para podermos deseñar un plan global de avaliación interna do centro, esta realizarase dende os distintos órganos de gobernos como a continuación se describe.

A dirección do centro promoverá a avaliación periódica do grao de cumprimento da programación xeral anual por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo. Impulsará a avaliación interna da escola e os plans de innovación educativa e colaborará coa consellería nas avaliacións externas.

O consello escolar avaliará os proxectos educativos e de xestión, a programación xeral anual e o cumprimento das normas de organización e funcionamento, sen prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e organización docente. Tamén avaliará a organización e o funcionamento xeral da escola.

O claustro avaliará o desenvolvemento da programación xeral anual así como todos os aspectos docentes do proxecto educativo de centro.

Os departamentos didácticos farán unha avaliación continua e unha avaliación final da programación didáctica e dos resultados académicos do alumnado. As conclusións desta avaliación reflectiranse na memoria anual e serán tidas en conta na actualización das programacións do curso seguinte. Ademais farán unha avaliación interna do seu funcionamento mediante reflexións, debates e enquisas dentro do propio departamento.

A comisión de coordinación pedagóxica elaborará os protocolos para avaliar o resultado do desenvolvemento das programacións didácticas. Así mesmo, deseñará instrumentos de avaliación interna para a súa aplicación e procesará e analizará a información obtida para identificar fortalezas e debilidades da escola, e propoñer ao claustro as medidas de mellora, se é o caso, que corresponda.

A persoa coordinadora do equipo de actividades culturais e de promoción de idiomas avaliará as actividades realizadas nunha memoria que se incluírá na memoria anual da escola.

---

O equipo de dinamización da lingua galega incluírá os procedementos para realizar a súa avaliación interna no programa anual de promoción da lingua galega.

Correspóndelle á Administración Educativa realizar as avaliacións externas do centro. Neste proceso participarán e colaborarán o equipo directivo, os departamentos didácticos, o claustro, a comisión de coordinación pedagóxica e o consello escolar.